



EXCMO. CONCELLO  
DA  
ESTRADA  
(PONTEVEDRA)

---Documento: ADXUDICACIÓN PROVISIONAL POR RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA 447/2010 DE 25 DE MAIO.

---Contrato: de **SERVIZOS PARA IMPARTICIÓN DE ACCIÓNS DE FORMACIÓN PROFESIONAL OUPACIONAL (Plan A.F.D.) relativas ao curso ARGD10 TÉCNICO AUXILIAR EN DESEÑO GRÁFICO.**

---Data de inicio da publicación deste documento no perfil do contratante: **26 DE MAIO DE 2010**

-Visto o expediente tramitado, de contratación de servizos, para a impartición de accións de formación profesional ocupacional ( Plan A.F.D.), relativas ao curso ARGD10 TÉCNICO AUXILIAR EN DESEÑO GRÁFICO.

-Visto que, dentro de prazo, só se presentaron 2 das empresas convidadas a partires do acordo da Xunta de Goberno Local do 10.05.10 ( F.O.D., apto. A): FUNDACIÓN CULTURAL DA ESTRADA- A ESTRADA DIXITAL, E, DISERGAL, S.C. .

-Vista a documentación administrativa aportada polos licitadores interesados:

- FUNDACIÓN CULTURAL DA ESTRADA- A ESTRADA DIXITAL: achegou en forma e prazo a documentación esixida no Prego de Cláusulas Administrativas Particulares reitor desta licitación.

- DISERGAL, S.C.: non se procedeu á apertura dos sobres B nin C dado que no sobre A ( documentación) non se incluíu determinada documentación esencial ( acreditación da personalidade - persoa xurídica-; poder bastanteado; sinatura na declaración responsable de non atoparse incurso en prohibición de contratar e ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e para con a Seguridade Social; solvencia técnica ou profesional).

-Vista a puntuación que merece a proposición presentada pola FUNDACIÓN CULTURAL DA ESTRADA- A ESTRADA DIXITAL, ao abeiro da Cláusula XXVII do Prego; a saber:

- mellor Programa de Traballo.....	15 puntos.
- mellor equipo persoal.....	15 puntos.
- menor prezo.....	6 puntos ( 2.000,00 € de baxa).
Total.....	36 puntos.

-Tendo en conta que a oferta formulada polo licitador que presentou a súa proposición en forma e prazo (FUNDACIÓN CULTURAL DA ESTRADA- A ESTRADA DIXITAL) é conforme co Prego e a única así presentada, considerando non subsanables as omisións do outro ( DISERGAL, S.C.), dada a urxencia subxacente, por outra banda.

-Visto o informe da Tesourería municipal de que FUNDACIÓN CULTURAL DA ESTRADA- A ESTRADA DIXITAL se atopa ó corrente das súas obrigacións tributarias para co Concello.

-Vista a competencia da Xunta de Goberno Local, segundo o sinalado na Disposición Adicional Segunda punto 1 da Lei 30/2007, e Decreto de delegación de 21 de xuño de 2007, e visto o disposto no artigo 14 da Lei 30/92 no relativo á avocación de competencias.

#### A C O R D O:

1º.-Avocar a competencia previamente delegada na Xunta de Goberno Local.

2º.- Declarar válida e axustada ao Prego reitor ad hoc, a licitación instruída.

3º.- Rexeitar a plica/ proposición achegada pola mercantil DISERGAL,S.C., ao entender non subsanables as deficiencias obrantes na documentación que presentou tra-la invitación municipal.

4º.- Admitir a plica/ proposición presentada por FUNDACIÓN CULTURAL DA ESTRADA- A ESTRADA DIXITAL, ao seren a única das entidades/ empresas convidadas que presentou a súa plica/ proposición correctamente, en forma e prazo.

5º.-Adxudicar provisionalmente o contrato de servizos para a impartición de accións de formación profesional ocupacional ( Plan A.F.D.), relativas ao curso ARGD10 TÉCNICO AUXILIAR EN DESEÑO GRÁFICO, polo prezo de 40.200,00 € ( exenta do I.V.E., a estes efectos), á FUNDACIÓN CULTURAL DA ESTRADA- A ESTRADA DIXITAL, con arranxo ao Prego e á súa oferta.

6º.-A adxudicación provisional queda condicionada, en todo caso, a que por parte do adxudicatario se aporte a seguinte documentación:

---xustificante acreditativo de estar ao corrente das obrigas tributarias, e para con a Seguridade Social.

A documentación deberá ser aportada no prazo máis breve posible e nunca máis alá de 15 días hábiles a contar dende o día seguinte á publicación da adxudicación provisional no Perfil do contratante.

Transcorrido o devandito prazo, no seu caso, producirase a adxudicación definitiva.

6º.-Notifíquese o presente Acordo e publíquese a adxudicación provisional no Perfil do contratante, para coñecemento e efectos.

A Estrada 26 de maio de 2010.  
O ALCALDE,

Asdo. José A. Dono López